DEPUTACIÓN DE LUGO

ACTA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E TRES DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

Presidenta:
Dª. María del Carmen López Moreno

Sres/as. Deputados/as:
D. Pablo Rivera Capón
D. Miguel Fernández Méndez
D. Xosé María Arias Fernández
D. Iván Castro Díaz
D. Carlos López López

Secretario:
D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **vinte e tres de outubro de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. Dª. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten a Sres/as Deputados/as D. Efrén Castro Caloto, Dª. María del Pilar García Porto e Dª. Iria Castro Fernández.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	1/56

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DEZASEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día dezaseis de outubro de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DE INVESTIMENTOS DO PLAN DEPUTACIÓN 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de RIBAS DE SIL no que solicita a modificación de proxecto de investimentos incluídos no PLAN DEPUTACIÓN 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do PLAN DEPUTACIÓN 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.
2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.
3. O PLAN DEPUTACIÓN 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	243	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO A FONTE DA VENTOSA	4.755,43 €	12.175,18 €	16.930,61 €

4. Por acordo da Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 27/03/2026 acordouse a aprobación da substitución do investimento con nº 243 do Plan Deputación 2025 quedando:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	243	MELLORA DE ACCESO Á CAPTACIÓN DE TORBEO	4.854,66 €	12.175,18 €	17.029,84 €

5. O concello indicado achegou o correspondente anexo III, no que se concreta a baixa producida na licitación do investimento incluído no Plan Deputación, a declaración responsable coas coordenadas UTM.
6. A Alcaldía do Concello de Ribas de Sil, a través de escrito con RE nº 2026RT019163 de data 13/10/2026 solicita:

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	2/56

a) A modificación do proxecto do investimento incluído inicialmente no PLAN DEPUTACIÓN 2025 e modificado posteriormente, concretamente o investimento nº 243, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica "…. las variaciones introducidas obedecen a un reajuste técnico sobre las condiciones reales del terreno tras el desbroce,…", polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	243	MODIFICADO MELLORA DE ACCESO Á CAPTACIÓN DE TORBEO	4.678,14 €	12.175,18 €	16.854,32 €

7. A base 16, indica que "…Se durante a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, -LCSP-, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Ademais, para a aprobación pola Deputación deberá achegarse:
- Conformidade do contratista adxudicatario.
- Informe favorable da Secretaría municipal
- Informe favorable da Intervención do Concello, no caso de que exista incremento do seu orzamento.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación".

8. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

9. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	3/56

deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2025, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de RIBAS DE SIL, que se sinala, quedando incluído no PLAN DEPUTACIÓN 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado".

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de RIBAS DE SIL, e en consecuencia, aprobar o modificado do proxecto do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2025 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	243	MODIFICADO MELLORA DE ACCESO Á CAPTACIÓN DE TORBEO	4.678,14 €	12.175,18 €	16.854,32 €

2º.- Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.

1º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Alfoz do Castrodouro para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Eficiencia enerxética na casa da cultura e acondicionamento aparcamento escola a pinguela" no Concello de Alfoz do Castrodouro, ano 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:
"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	4/56

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ALFOZ DO CASTRODOURO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EFICIENCIA ENERXÉTICA NA CASA DA CULTURA E ACONDICIONAMENTO APARCAMENTO ESCOLA A PINGUELA" NO CONCELLO DE ALFOZ DO CASTRODOURO, ANO 2026.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/019844) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME:

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende o concello de Alfoz de Castrodouro se solicita a formalización dun convenio para financiar as seguintes actuacións:

Actuacións
1. EFICIENCIA ENERXÉTICA NA CASA DA CULTURA E HONORARIOS FACULTATIVOS (37.266,43 €)
2.ACONDICIONAMENTO APARCAMENTO ESCOLA A PINGUELA E HONORARIOS FACULTATIVOS (21.462,20€)

por importe total de 58.728,63 € (que serán financiados pola Deputación de Lugo)

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).
Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".
No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

SEGUNDA: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: "1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	5/56

da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)" 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)"
A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: "non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997" –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

TERCEIRA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

CUARTA.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: "as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas". Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a)"lealdade institucional" e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán "Prestar, no ámbito propio, a

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	6/56

asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias".
Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: " 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba".

SEGUNDA.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)".

TERCEIRA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	7/56

CUARTA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que "(...) deberán incluír, polo menos:
a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.
d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento
f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
g) Réxime de modificación do convenio.
h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:
1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.
2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.
(...)".

QUINTA.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

SEXTA: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

SÉTIMA.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	8/56

Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.
Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: "Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública..."e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

SEGUNDA. Pola súa banda, o Municipio de Alfoz de Castrodouro, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

TERCEIRA. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026 (cuxo convenio tipo aprobado recolle a posibilidade de solicitar un anticipo de ata o 80 % do importe a financiar pola Deputación)

CUARTA: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

QUINTA.- Consta certificación de Intervención sobre retención de crédito, por importe de 58.728,63 €, na aplicación orzamentaria 9420 76200 do vixente Orzamento Xeral.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	9/56

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE ALFOZ DO CASTRODOURO PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EFICIENCIA ENERXÉTICA NA CASA DA CULTURA E ACONDICIONAMENTO APARCAMENTO ESCOLA A PINGUELA" NO CONCELLO DE ALFOZ DO CASTRODOURO, ANO 2026 por importe total de 58.728,63 € (que serán asumidos pola Deputación) con CSV IV77QAJOLFFMRSFKY4EHGNSGIM.

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 58.728,63 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da terceira modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "Equipamento ximnasio municipal, equipo de sonido para Pavillón Municipal e peche Campo da Feira" no Concello de Guitiriz, ano 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME FAVORABLE

TERCEIRA MODIFICACIÓN DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	10/56

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES_03/019871) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 5 de decembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:
"PRIMEIRO. Aprobar o texto do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 por importe total de 50.000,00 € (dos que 50.000,00 € serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...).
SEGUNDO. A aprobación do gasto, por importe de 50.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente orzamento Xeral, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

SEGUNDO: O convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "equipamento ximnasio municipal, equipo de sonido para pavillón municipal e peche campo da feira" no concello de Guitiriz, ano 2025 formalizouse o 16 de decembro de 2025.

TERCEIRO: Dende o concello de Guitiriz remitiuse, o 27 de xullo de 2026, escrito no que se solicita modificar a cláusula cuarta do convenio para incorporar a posibilidade de que en caso de producirse baixas na licitación ou na execución se reduza a cantidade estipulada para o financiamento comprometido polo Concello, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

CUARTO:A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 31 de xullo de 2026, aprobar a modificación do convenio para incorporar a posibilidade de aplicar os remanentes producidos na licitación ou execución do obxecto do convenio noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.

QUINTO: A addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "equipamento

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	11/56

ximnasio municipal, equipo de sonido para pavillón municipal e peche campo da feira" no concello de Guitiriz, ano 2025 formalizouse o 31 de xullo de 2026.

SEXTO: Dende o concello de Guitiriz remitiuse, o 6 de agosto de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:
"Que se modifique dito convenio cambiando a actuación indicada "Adquisición de equipamento deportivo para ximnasio municipal" para incluír na mesma con cargo os remanentes xerados o suelo de goma para dita instalación do ximnasio que suporía un custo igual os remanentes xerados de 3.404,30".

SÉTIMO:A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 14 de agosto de 2026, aprobar a segunda modificación do convenio para incorporar a modificación solicitada dende o concello.

OITAVO: A segunda addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Guitiriz para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións "equipamento ximnasio municipal, equipo de sonido para pavillón municipal e peche campo da feira" no concello de Guitiriz, ano 2025 formalizouse o 18 de agosto de 2026.

NOVENO: Por resolución presidencial, de data 17 de agosto aprobouse a seguinte proposta:
"PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa de actuación "Adquisición de equipamento deportivo para ximnasio municipal" incluída dentro do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SON PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 por importe de 18.026,91€
SEGUNDO: Aboar ao concello de Guitiriz a contía de 18.026,91 €
TERCEIRO: Determinar que queda pendente de xustificar as seguintes actuacións:

Adquisición de equipo de son para pavillón municipal Jonathan Carro
Peche campo de feira.

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
31.973,09 €	0,00 €"

DÉCIMO: Por resolución presidencial, de data 22 de setembro aprobouse a seguinte proposta:
"PRIMEIRO: Aprobar a conta xustificativa das actuacións "Adquisición de equipo de son para pavillón municipal Jonathan Carro" e "Peche campo de feira" incluídas dentro do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SON PARA PAVILLÓN

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	12/56

MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 por importe de 26.175,33 €
SEGUNDO: O aboamento ao Concello de Guitiriz a contía de 26.175,33 €
TERCEIRO -Determinar que queda pendente de xustificar as seguintes actuacións:

ACTUACIÓNS
2. Adquisición de suelo de goma para ximnasio municipal (remanentes actuación 1)

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
5.797,76 €	0,00 €"

DECIMO PRIMEIRO: Dende o concello de Guitiriz remitíronse, o 16 de outubro de 2026 e o 19 de outubro de 2026, dous escritos nos que se establece o seguinte:
"(...) No convenio de referencia, entre outras, inclúese a seguinte actuación:

Actuación	CUSTE TOTAL (IVE ENGADIDO)
Peche Campo da Feira	13.361,41€

Tendo en conta o investimento que se fixo definitivamente e que suma o importe presentado na conta xustificativa de 10.968,05€, xeranse uns remanentes nesta actuación por importe de 2.393,36€. Ditos remanentes prodúcense debido a que houbo que reducir barandilla, disminuíndo os metros da mesma, dado que non se tivera en conta algunha das entradas para a zona axardinada que tiñan que quedar abertas. A posta en marcha dos servizos vai xerando necesidades novas que non se contemplaban no seu comezo, debido o paso do tempo e a vista da execución das actuacións.
Polo exposto e tendo en conta a necesidade urxente e inaplazable de levar a cabo outra actuación para a mesma finalidade de peche en zona Curro Vello, propónse unha modificación na actuación do convenio.
Por todo o exposto, SOLICITO:
Que se modifique dito convenio cambiando a actuación indicada "Peche Campo da Feira" para incluir na mesma con cargo os remanentes xerados para dita instalación a actuación de "Peche na zona do Curro Vello" que suporía un custo igual os remanentes xerados de 2.393,36€ "
"Que tratándose de novas actuacións para aplicar os remanentes xerados se amplie o prazo de execución e xustificación para as mesmas ata o 30 de novembro de 2026".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO-ADMINISTRATIVAS:

- Na cláusula PRIMEIRA.- Obxecto
"Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Guitiriz en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	13/56

ACTUACIÓNS	CUSTE TOTAL
1. Adquisición de equipamento deportivo para ximnasio municipal.	18.027,01€
2. Adquisición de suelo de goma para ximnasio municipal (remanentes actuación 1)	3.404,30 €
3. Adquisición de equipo de son para pavillón municipal Jonathan Carro	15.207,28 €
4. Peche campo de feira.	13.361,41€
CUSTE TOTAL	50.000,00 €

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.
Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
50.000,00 €	0,00 €
TOTAL: 50.000,00 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta.
Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida".
- Na cláusula CUARTA.- Obrigas e compromisos das partes.
"4.1. Deputación Provincial de Lugo
En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:
1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a cantidade estipulada para o financiamento comprometido pola Deputación, ou previa solicitude do Concello autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
Non obstante ditas baixas, no suposto de obras, poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.
4.2. O Concello de Guitiriz:
En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Guitiriz, comprométese ao seguinte:
1.Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. Achegar os proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución da actuación "peche campo da feira" segundo proceda legalmente.
4. Encargarse da dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde da actuación "peche campo da feira" que se requiran legalmente.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	14/56

5.O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de setembro de 2026.
6. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
7. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
8. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
9. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
10. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
11. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
12. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
13. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministros e servizos e 5 anos en obras)".
-Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a terceira addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	15/56

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

1º. O convenio recolle a posibilidade de autorizar a aplicación dos remanentes producidos na licitación ou execución noutra actuación, que deberá ter a mesma finalidade e respecto da que deberá achegarse proxecto das actuacións pretendidas.
2º. O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo
3º. Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común)
dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento se informa favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a terceira modificación solicitada dende o concello de Guitiriz nos termos da terceira addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia".

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o borrador da terceira addenda de modificación do CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE GUITIRIZ PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS "EQUIPAMENTO XIMNASIO MUNICIPAL, EQUIPO DE SONIDO PARA PAVILLÓN MUNICIPAL E PECHE CAMPO DA FEIRA" NO CONCELLO DE GUITIRIZ, ANO 2025 con CSV IV77QAHKLJ5OJPUOSZNV6Q3SOQ".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3º.- Proposta de aprobación do convenio administrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a entidade El Progreso S.L para colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "A mariña, 30 anos como faro informativo da comarca". Ano 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

"ASUNTO: CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A ENTIDADE EL PROGRESO S.L PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "A MARIÑA, 30 ANOS COMO FARO INFORMATIVO DA COMARCA". ANO 2026.

En relación ao asunto de referencia (EXP.2026/XEN_01/003803) dende a sección de fomento do servizo de contratación e fomento emítese o seguinte informe:

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	16/56

ANTECEDENTES DE FEITO

Dende El Progreso de Lugo S.L se solicita a formalización dun convenio para colaborar no financiamento dos gastos da execución da actuación "A MARIÑA, 30 ANOS COMO FARO INFORMATIVO DA COMARCA" ano 2026, por importe total de 68.209,83 (dos que 60.000,00 € serán financiados pola Deputación de Lugo).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

- LEXISLACIÓN DE RÉXIME LOCAL

PRIMEIRA.- Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: "(...) d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial (...)" e no mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG.

SEGUNDA: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, disponse que: "as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades".

-NORMATIVA COMÚN SOBRE O RÉXIME XURÍDICO DO SECTOR PÚBLICO

PRIMEIRA: O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: "Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.
Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)".
Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: "Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: (...) C) Convenios asinados entre unha Administración Pública ou organismo ou entidade de dereito público e un suxeito de dereito privado (...)".

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	17/56

SEGUNDA.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: "1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)".

TERCEIRA.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que deberán incluír, polo menos:
a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
b) A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.
c) O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade dos resultados obtidos.
d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento correspondente de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.
e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible indemnización por incumprimento
f)Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
g) O réxime de modificación do convenio.
h) Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta as seguinte regras:
1º.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

CUARTA.- Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:
"1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.
2. O seu impacto económico cuantificado.
3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.
4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei"

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	18/56

CONCLUSIÓNS

En base ao anteriormente exposto, efectúanse as seguintes conclusións:

PRIMEIRA. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de colaboración que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA

SEGUNDA. El Progreso de Lugo SL radica na cidade de Lugo e é un diario que fai especial fincapé no que acontece na provincia de Lugo. Pon de manifesto o seu compromiso coa provincia.

TERCEIRA. O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público. Non se considera un contrato de servizos dado que a actuación non a organiza a Deputación e non se presta un servizo á Institución. Se trata dunha colaboración solicitada pola entidade El Progreso S.L.

CUARTA. Non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións. Do contido do borrador do convenio despréndese que non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, dado que o beneficiario non é a entidade El Progreso S.L senón o o sector social e económico da provincia de Lugo

QUINTA.-Consta informe de consignación orzamentaria, por importe de 60.000,00€ na aplicación orzamentaria 9250 47911 do vixente orzamento xeral.

SEXTA: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público".

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte ACORDO:

1º.- Aprobar o texto do CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A ENTIDADE EL PROGRESO DE LUGO S.L PARA COLABORAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "A MARIÑA, 30 ANOS COMO FARO INFORMATIVO DA COMARCA" ANO 2026 por

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	19/56

importe total de 68.209,83 € (dos que 60.000,00 € serán asumidos pola Deputación) con CSV IV77QLXZ3U6D4W6Y5VEDEIDQCE.

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 60.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9250 47911 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da terceira modificación do convenio administrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terras de Pol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Posta en marcha do supermercado Terras de Pol" anos 2025 e 2026.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

"Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

"ASUNTO: INFORME

CUARTA MODIFICACIÓN DO CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A FUNDACIÓN TERRAS DE POL PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "POSTA EN MARCHA DO SUPERMERCADO TERRAS DE POL" ANOS 2025 E 2026.
En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN_01/003807) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte INFORME

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: A Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 20 de xuño de 2025, acordou aprobar a seguinte proposta:
"Primeiro.- Aprobar o texto do CONVENIO ADMINISTRATIVO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E A FUNDACIÓN TERRAS DE POL PARA COOPERAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "POSTA EN MARCHA DO SUPERMERCADO TERRAS DE POL" ANOS 2025 E 2026 por importe total de 200.000,00 € cuxo contido é o seguinte: (...).
Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, por importe de 200.000,00 € para financiar os gastos que se deriven da execución deste convenio, dos que 132.201,36 € serán con cargo ao Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 (83.773,76 € na aplicación orzamentaria 4330.789 para gastos da Liña 1 e 48.427,60 € na aplicación orzamentaria 4330.48900 para gastos da Liña 2) para financiar os gastos que se deriven da execución da anualidade do 2025.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	20/56

Terceiro.-A Deputación adquire o compromiso de incluír no orzamento do ano 2026 o importe de 67.798,64 € na aplicación orzamentaria 4330.48900 para sufragar os gastos da Liña 2 que se deriven da execución da anualidade do 2026, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto, o seu financiamento queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira".

SEGUNDO: O convenio administrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terras de Pol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "posta en marcha do supermercado terras de pol" anos 2025 e 2026 formalizouse o 1 de xullo de 2025.

TERCEIRO: O Presidente da Fundación Terras de Pol remitiu, o 22 de xullo de 2025, escrito escrito no literalmente se solicita o seguinte:
"Un anticipo da axuda por un importe equivalente ao 80% do total de achega para facer fronte ás operacións preparatorias que resulten necesarias".

CUARTO. Por resolución presidencial, de data 1 de agosto de 2025, aprobouse por avocación a modificación do convenio para incorporar o solicitado dende a Fundación (resolución da que se deu conta á Xunta de Goberno)

QUINTO: A addenda ao convenio administrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terras de Pol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "posta en marcha do supermercado Terras de Pol" anos 2025 e 2026 formalizouse o 6 de agosto de de 2025.

SEXTO: O Presidente da Fundación Terras de Pol remitiu escrito no literalmente se solicita o seguinte:
"Visto que a posta en marcha do supermercado Terras de Pol retrasouse debido ás obras, dito supermercado non puido abrir ata decembro de 2025 (a mediados de mes), polo que os gastos correstes correspondentes á liña 2 imputables á anualidade 2025 serían solo os correspondentes ao mes de decembro de 2025 dende a apertura do supermercado.
SOLICITA:
Que se imputen os gastos correntes correspondentes á liña 2 (contratación de persoal) o correspondente ao mes de decembro dende a apertura do supermercado. Que o resto do importe se pase á anualidade 2026".
Polo que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 30 de xaneiro de 2026, acordou aprobar a segunda modificación do convenio para incorporar os cambios solicitados dende a Fundación Terras de Pol.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	21/56

SÉTIMO: A segunda addenda ao convenio administrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terras de Pol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "posta en marcha do supermercado Terras de Pol" anos 2025 e 2026 formalizouse o 5 de febreiro de de 2026.

OITAVO: O Presidente da Fundación Terras de Pol remitiu, o 13 de abril de 2026, escrito no que literalmente se recolle o seguinte:
"Debido a múltiples incidencias, as obras sufriron atrasos significativos, o que demorou a
apertura do establecemento ata o día 17 de decembro de 2025.
Unha vez rematadas as obras, procedeuse á apertura do supermercado na data indicada,
sendo necesaria a contratación de persoal para a atención do negocio. Inicialmente, contratáronse cinco traballadores con carácter temporal, co obxectivo de avaliar as necesidades reais de persoal en función da evolución das vendas.
Os gastos de persoal foron cubertos polo mesmo convenio coa Excma. Deputación Provincial
de Lugo, a través da Liña 2. Como consecuencia do atraso nas obras, no exercicio 2025
unicamente se rexistraron contratacións no período comprendido entre o 17 de decembro
de 2025 e o 31 de decembro de 2025, gastos que se proceden a xustificar neste documento.
Así mesmo, solicítase que a Liña 2 do convenio, inicialmente prevista ata o 30 de novembro de 2026, sexa prorrogada ata o 16 de decembro de 2026, data na que se cumprirá o primeiro ano completo de funcionamento do Supermercado"
Polo que a Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 17 de abril de 2026, acordou aprobar a terceira modificación do convenio para incorporar os cambios solicitados dende a Fundación Terras de Pol.

NOVENO: A terceira addenda ao convenio administrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terras de Pol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "posta en marcha do supermercado Terras de Pol" anos 2025 e 2026 formalizouse o 21 de abril de de 2026.

DECIMO: O Presidente da Fundación Terras de Pol remitiu, o 21 de outubro de 2026, escrito no que literalmente se establece o seguinte:
"(…) SEGUNDO.- Que, unha vez avanzada a execución das actuacións e revisada a documentación económica e contable necesaria para a súa xustificación, resulta necesario proceder a unha modificación do obxecto concreto correspondente á Liña 1 – Subministracións (inversión).
A necesidade desta modificación vén motivada, fundamentalmente, polo tratamento fiscal do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) soportado pola Fundación.
A Fundación Terras de Pol atópase sometida ao réxime xeral do IVE, polo que as cotas de IVE soportado que teñan a consideración de deducibles non constitúen un custo

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	22/56

efectivo para a entidade e, en consecuencia, non poden ser incorporadas como gasto imputable ao convenio na xustificación da actuación.
Esta circunstancia obriga a tomar como referencia para a xustificación das diferentes adquisicións e investimentos o seu importe neto, excluído o IVE deducible, provocando que os importes inicialmente previstos para determinados investimentos deban ser adaptados.
TERCEIRO.- Que, coa finalidade de manter o importe da actuación obxecto do convenio e garantir a correcta aplicación dos fondos achegados pola Deputación, resulta necesario incorporar á Liña 1 outras adquisicións e investimentos efectivamente realizados pola Fundación, todos eles directamente relacionados coa posta en funcionamento, equipamento, adecuación e continuidade do supermercado Terras de Pol.
Non se trata, polo tanto, dunha modificación da finalidade prevista no convenio, senón dunha adaptación e concreción dos investimentos que integran o obxecto do convenio, motivada polo tratamento do IVE e pola evolución das necesidades reais derivadas da posta en marcha do establecemento.
Os novos investimentos que se incorporan resultan necesarios e imprescindibles para o correcto funcionamento da Fundación, para o desenvolvemento da actividade do supermercado e para garantir a súa continuidade, estando todos eles directamente vinculados á finalidade perseguida polo convenio.
CUARTO.- Que, de acordo coa relación de facturas que se achega á presente solicitude, os investimentos realizados ascenden aos seguintes importes:
Base impoñible total dos investimentos: 84.218,04 €
IVE soportado: 17.685,79 €
Importe total das facturas: 101.903,83 €

Para os efectos do convenio, unicamente pretendese imputar para incluir no convenio correspondente ás bases impoñibles, excluíndo expresamente o IVE deducible. Deste xeito, existe investimento suficiente para cubrir o importe máximo correspondente á Liña 1 do convenio, fixado en 83.773,76 €, sen que se produza incremento ningún da achega concedida pola Deputación Provincial.
QUINTO.- Que a propia regulación do convenio prevé a posibilidade de realizar modificacións entre os diferentes conceptos que integran cada liña, sempre que se respecte o importe máximo correspondente a cada unha delas.
A modificación solicitada non supón incremento da achega económica prevista no convenio, non altera a finalidade esencial do convenio nin modifica a natureza da actuación obxecto do convenio, senón que permite adecuar o seu obxecto á realidade dos investimentos efectivamente executados e ao correcto tratamento fiscal do IVE soportado pola Fundación.
SEXTO.- Que se solicita expresamente a reestruturación das actuacións incluídas na Liña 1, apartado 1, mediante a supresión das actuacións relativas á cámara de frío e aos sistemas de seguridade e control, e a incorporación doutros investimentos

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	23/56

necesarios para a actividade, entre eles a instalación eléctrica, mesas, maquinaria e ferramentas para a carnicería, quedando a relación definitiva de actuacións conforme ao seguinte detalle:

CONCEPTO / FACTURA	BASE (€)	IVE (€)	TOTAL (€)
MURAIS DE FRÍO CON PORTAS	11.140,00		
Fra. 08/09/2025 · FRISAQUES	11.140,00	2.339,40	13.479,40
CONXELADORES	14.921,60		
Fra. 08/09/2025 · FRISAQUES	14.921,60	3.133,536	18.055,136
ESTANTERÍAS E MOBILIARIO	16.616,22		
Fra. 08/10/2025 · MIC 3	8.500,00	1.785,00	10.285,00
Fra. 23/06/2025 · NIVELARIA, S.L.U.	3.000,00	630,00	3.630,00
Fra. 30/09/2026 · BELISARDO FRAILE	2.318,30	486,843	2.805,143
Fra. · NAVID LÓPEZ · Instalación escaleiras	2.797,92	587,56	3.385,48
PORTA E PERSIANA AUTOMATIZADA	8.056,00		
Fra. 05/09/2025 · AUTOMATISMOS JULIO	8.056,00	1.691,76	9.747,76
MESAS E EQUIPOS DE COBRO	5.035,00		
Fra. 27/11/2025 · ASYSGON, S.L. · Mesas, ordenadores, impresora e lector de cobro	5.035,00	1.057,35	6.092,35
INSTALACIÓN ELÉCTRICA	6.942,15	1.457,85	8.400,00
OUTROS INVESTIMENTOS E SUBMINISTRACIÓNS (MAQUINARIA, FERRAMENTAS DE CARNICERÍA E MESAS)	21.507,07		
Fra. 30/09/2026 · BELISARDO F. · Prancha	1.640,00	344,40	1.984,40
Fra. 15/10/2025 · BELISARDO F. · Mesas, picadora e serra	11.023,00	2.314,83	13.337,83
Fra. 12/12/2025 · ASYSGON · Soporte TV e balanza	1.449,60	304,416	1.754,02
Fra. 29/12/2025 · FRISAQUES · Mesas carnicería	3.110,00	653,10	3.763,10
Fra. 4021 · 13/10/2025 · TV e soporte de parede	1.173,55	246,4455	1.420,00
Fra. 15/12/2025 · SHOP AND ROLL · Carros 100 l	893,30	187,593	1.080,89
Fra. 03/12/2025 · BELISARDO F. · Maquinaria e utensilios carnicería	1.321,72	277,5612	1.599,28
Fra. 02/01/2026 · IGNACIO CUEVAS · Dispensador bolsas e marco ofertas	158,58	33,3018	191,88
Fra. 27/01/2026 · BELISARDO F. · Utensilios supermercado	212,32	44,5872	256,91
Fra. 15/05/2026 · FRISAQUES	525,00	110,25	635,25
TOTAL INVESTIMENTO LIÑA 1	84.218,04	17.685,79	101.903,83

Estes investimentos responden ás necesidades reais do establecemento, son imprescindibles para o bo funcionamento da Fundación e contribúen a garantir a continuidade da actividade, sen modificar a finalidade do convenio nin incrementar a achega provincial.

SOLICITA

Que se teña por presentado este escrito,e se autorice a reestruturación das actuacións do obxecto definitivo correspondente á LIÑA 1 – SUBMINISTRACIÓNS (INVERSIÓN) do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terras de Pol para a actuación "Posta en marcha do supermercado Terras de Pol", de maneira que quede integrado polos investimentos que figuran na relación de facturas que se relacionou no apartado sexto, ata o límite de financiamento establecido de 83.773,76 euros, IVE deducible excluído.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	24/56

Todo iso tendo en conta que as adquisicións e investimentos incorporados son necesarios para o adecuado funcionamento do supermercado e da propia Fundación, encontrándose directamente vinculados coa actuación obxecto do convenio e resultando necesarios para garantir a continuidade da actividade, sen que a modificación solicitada supoña incremento ningún da achega económica da Deputación nin alteración da finalidade esencial do convenio".

CONSIDERACIÓNS XURÍDICO ADMINISTRATIVAS

PRIMEIRA.- No convenio de referencia establécese o seguinte:
- Na cláusula SÉTIMA.- Vixencia do convenio interadministrativo.
"A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.
A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa da anualidade do 2026 e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2028 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027,respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
Así mesmo, a conta xustificativa da anualidade do 2025 debe estar aprobada na data límite do 31 de decembro de 2026 e pagada na data límite do 31 de xaneiro de 2027".
- Na cláusula OITAVA.- Modificación
"A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.
A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo".

SEGUNDA: En canto ao órgano competente para aprobar a cuarta addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Por todo o exposto, tendo en conta que:
-o convenio estea vixente,
-prevese a modificación do mesmo,
- se acredita a concorrencia de interese común
e non se alteran as condicións esenciais do documento inicial
dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento infórmase favorablemente a cuarta modificación do convenio administrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terras de Pol para cooperar no financiamento dos

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	25/56

gastos derivados da execución da actuación "posta en marcha do supermercado Terras de Pol" anos 2025 e 2026 formalizado o 1 de xullo de 2025 e modificado o 6 de agosto de 2025, o 5 de febreiro de 2026 e o 21 de abril de 2026 nos termos da cuarta addenda incorporada ao expediente, para incorporar o solicitado polo representante da Fundación".

Proponse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte ACORDO:

Aprobar o texto da cuarta addenda de modificación do convenio administrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Terras de Pol para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "posta en marcha do supermercado Terras de Pol" anos 2025 e 2026 con CSV IV77QEC3HRZ4JCHYWZQ44ZKQ4I".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Programa +Concilia", para o fin común de prestación de servizos de conciliación; e do gasto, para o exercicio 2026.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

"Dona Ana Belén Ermida Igrexas, en nome e representación do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 18 de setembro de 2026, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa, coa Deputación Provincial de Lugo, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Programa +Concilia", para o fin común de prestación de servizos de conciliación.

Detectados erros na dita solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriuse á representante do Concello de Barreiros para a súa emenda, que se produciu coa presentación de documentación adicional o 8 de outubro de 2026.

No expediente relativo á dita solicitude constan:

• Informe do responsable da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.
• Memoria xustificativa, emitida polo responsable do centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	26/56

contractual e non subvencional da actuación obxecto do convenio e o cumprimento do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.
• Borrador do texto do convenio proposto polo responsable da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.
• Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.
• Informe favorable da responsable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao texto do convenio proposto pola Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Á vista dos documentos e actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización manifestou a súa conformidade en informe do 16 de outubro de 2026.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Programa +Concilia", no Concello de Barreiros, ano 2026; cuxo borrador, con CSV: IV77WD2YPEXSRLXTRX6DAIIDGM, consta no expediente.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 24.969,64 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, a favor do Concello de Barreiros, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIA DE SUBVENCIÓN DESTINADA A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE INVESTIMENTOS QUE PROMOVAN A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2026.

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	27/56

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2026:

1. Este procedemento de concorrencia competitiva tramítase de acordo co establecido nas bases reitoras da referida convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de marzo de 2026.

2. A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o 14 de agosto de 2026, acordou aprobar a resolución provisional de concesión de subvencións da referida convocatoria, así como a desestimación provisional das subvencións que así mesmo figuran nas respectivas listaxes. Esta resolución foi publicada no BOP de Lugo nº 189 do 20 de agosto de 2026 e na páxina web da Deputación provincial, concedendo un prazo de dez días hábiles aos interesados, a contar dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo de resolución provisional no BOP, para presentar alegacións, non presentándose ningunha alegación no prazo concedido.
Polo tanto, de acordo co punto 10 CONCESIÓN E COMUNICACIÓN das bases da convocatoria, o acordo de concesión provisional ten carácter definitivo e procedeuse á publicación do anuncio da resolución definitiva no BOP de Lugo nº 209 do día 12 de setembro de 2026 e na web da Deputación Provincial (https://deputacionlugo.gal/gl/temas/medioambiente/subv_investim_RRBB2026).

3. O beneficiario relacionado a continuación, presentou o día 14 de setembro de 2026 (nº de rex. 2026RT017764) na Deputación Provincial de Lugo a súa renuncia á subvención que lle foi concedida na referida convocatoria:

LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2026/CCP_01/001127	ASOC. VECIÑOS DE VILOR	G22914519	Reposición e posta en valor de elementos etnográficos (dúas ouriceiras e un cortín) e habilitación dun espazo de descanso (execución dunha zona de aparcamento e de descanso con paneis interpretativos) e divulgación do territorio (instalación de paneis informativos) no núcleo de Vilor	3.679,29 €

4. O Servizo de Medio Ambiente emitiu o día 19 de outubro de 2026 un informe ao respecto (CSV IV77QCHZZQOCQVFCAIXGOJBTEE).

Por todo o exposto,

PROPOÑO

Que pola Xunta de Goberno, se procede, se aprobe a seguinte renuncia:

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	28/56

LIÑA 10.3 RESERVA DA BIOSFERA OS ANCARES LUCENSES".

Nº EXPEDIENTE	ENTIDADE	NIF	ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN CONCEDIDA
2026/CCP_01/001127	ASOC. VECIÑOS DE VILOR	G22914519	Reposición e posta en valor de elementos etnográficos (dúas ouriceiras e un cortín) e habilitación dun espazo de descanso (execución dunha zona de aparcamento e de descanso con paneis interpretativos) e divulgación do territorio (instalación de paneis informativos) no núcleo de Vilor	3.679,29 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PERDA DO DEREITO DUNHA ASOCIACIÓN A PARTICIPAR NO PROGRAMA COÑECE A TÚA PROVINCIA.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Vista a asistencia dun número de participantes inferior a 15 persoas nos puntos de recollida da excursión da Asoc A MARIÑA – COGAMI con NIF G27105253,. fixada dentro do programa COÑECE A TÚA PROVINCIA (ANUALIDADE 2026) para o día 29 de setembro do 2026 sen que o Servizo de Turismo tivese coñecemento previo destas ausencias e a cancelación de xeito inmediato da viaxe.

Vistas as bases da convocatoria do Programa Coñece a túa Provincia (anualidade 2026), aprobadas en Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 10 de xaneiro de 2026, onde se recolle, nos puntos 8.3 e 8.11, os motivos de perda do dereito a participar na seguinte edición do programa, entre eles, o límite mínimo de 15 persoas para poder realizar a viaxe.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 20 de febreiro de 2026 polo que se aproba a listaxes provisionais de entidades admitidas, de entidades en agarda e de solicitudes desestimadas para participar no programa Coñece a túa provincia 2026 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 21 de febreiro de 2026.

Visto o acordo de Xunta de Goberno de data 06 de marzo de 2026 polo que se aproba a listaxe definitiva de entidades admitidas, de entidades en agarda, de solicitudes desestimadas e renuncia dunha entidade para participar no programa Coñece a túa provincia 2026 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo de data 11 de marzo de 2026.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	29/56

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe PROPÓN que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Proceder á tramitación da perda de dereito á participación da ASOC A MARIÑA-COGAMI con NIF G27105253, na vindeira edición do programa Coñece a túa provincia, debido a presenza dun número inferior a 15 persoas nos puntos de recollida o día da excursión, sen que o Servizo de Turismo fose coñecedor desta circunstancia con antelación, tal e como se recolle nas bases 8.3 e 8.11 da convocatoria".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO "SIMBOLOXÍA DO ROMÁNICO DE CARBALLEDO".

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado "Simboloxía do Románico de Carballedo"; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autor Xosé Lois García, na cantidade de trinta e sete euros con cincuenta céntimos (37,50 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de trinta e seis euros con seis céntimos (36,06 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO "ÁNGELA PARDO CELADA. 1.ª XINECÓLOGA E PUERICULTORA DE LUGO".

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

"Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	30/56

titulado “Ángela Pardo Celada. 1.ª xinecóloga e puericultora de Lugo”; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autora M.ª Isabel García Fernández, na cantidade de vinte e dous euros (22,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de vinte e un euros con quince céntimos (21,15 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “A INFLUENCIA DA FOTOGRAFÍA NALGÚNS PINTORES DO S. XIX. O CÍRCULO DE FEDERICO DE MADRAZO: O PINTOR DIONISIO FIERROS”.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado “A influencia da fotografía nalgúns pintores do s. XIX. O círculo de Federico de Madrazo: O pintor Dionisio Fierros”; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autora Celia Castro Fernández na cantidade de trinta e sete euros con cincuenta céntimos (37,50 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de trinta e seis euros con seis céntimos (36,06 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PREZO PÚBLICO DO LIBRO TITULADO “UNHA APROXIMACIÓN AOS CAMIÑOS HISTÓRICOS DA CONCA DO EO".

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico, Normalización Lingüística, e Memoria Histórica, do seguinte teor:

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	31/56

"Visto o acordo do Pleno desta Excma. Deputación Provincial, de data 30 de novembro de 1992 e vistos os informes emitidos polo Servizo de Publicacións e por Intervención, ao respecto do establecemento da tarifa do prezo público do libro titulado "Unha aproximación aos camiños antigos da conca do Eo"; proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Establecer a tarifa do prezo público do libro anteriormente mencionado, do que é autora Laura Alonso Vidal, na cantidade de trinta e cinco euros (35,00 €) de cuxo importe corresponde a esta Excma. Deputación Provincial a cantidade de trinta e tres euros con sesenta e cinco céntimos (33,65 €) por exemplar vendido directamente. Para a distribución concertada aplicarase un desconto do trinta por cento (30%)".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DA PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO TOTAL DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.

1º.- Proposta de declaración da perda do dereito ao cobramento total de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025. (Union deportiva Xove Lago).

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de dous mil cento doce euros (2.112,00 €) a UNION DEPORTIVA XOVE-LAGO para FUTBOL; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025, emite o seguinte, INFORME:

Primeiro. Que o UNION DEPORTIVA XOVE-LAGO presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 28/04/26 16:20 e numero de expediente 2026/PES_03/009010 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2025, concedida para FUTBOL, por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	32/56

concorrencia competitiva na anualidade 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial de Lugo do día 28 de febreiro de 2025, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

ANEXO I: Instancia de conta xustificativa.

ANEXO II: Memoria detallada actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre a realización da actividade e do cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade, incidencia social, competición/s na/s que se participou, categorías deportivas, datos deportivos da actividade, resultados obtidos, etc...

• Cadro de importes de financiamento.

• Declaración do custo total da actividade subvencionada.

• Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

ANEXO III: Declaración responsable relativa a:

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

V. Que o beneficiario ao que represento:

- asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)" dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- non asumiu o custo do "Imposto sobre o valor engadido (IVE)"dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	33/56

VII. Que incluíu a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregou o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilizou para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.
VIII. Que no desenvolvemento da actividade non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puidesen considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.
IX. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
X. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.
ANEXO IV:
Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.
No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.
OUTRA DOCUMENTACIÓN
• Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:
- Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.
- Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.
. Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.
No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.
- No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
• Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	34/56

prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión "Recibín en efectivo na data _____", asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.
• Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.
A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).
• Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).
• O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	35/56

Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.
No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 07/05/2026 10:43 e número de rexistro de saída 2026RPS007149, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:
ANEXO IV RELACIÓN CLASIFICADA E IMPUTACIÓN DE GASTOS.
A identificación dos gastos de mutualidade é incorrecta (BOLETÍN)
Nos gastos de mutualidade a base e o total son a mesma cantidade
Nos gastos de arbitraxe non se indica a identificación do documento (FACTURA)
Nos gastos de arbitraxe a base e o total son a mesma cantidade
Debe relacionar os gastos de arbitraxe de toda a anualidade 2025.
Debe relacionar todos os boletíns de mutualidade
Tendo en conta o orzamento presentado na solicitude de 47000 € deberá relacionar gastos de mutualidade, arbitraxe, transporte, gastos de persoal, vestimenta, publicidade e gastos médicos.
Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.
Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.
ANEXO I INSTANCIA.
Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.
ANEXO II MEMORIA XUSTIFICATIVA.
Obxectivos: non se indican os obxectivos da actividade
Descrición das actividades realizadas: debe indicar as competicións de carácter federado nas que participaron
Cadro de financiamento:
Non se indica a subvención concedida (2.112,00 €)

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	36/56

Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III
Punto III:
Debe indicar a causa da desviación tendo en conta os conceptos e importes indicados no orzamento presentado na solicitude de subvención (anexo 3)
ANEXO III DECLARACIÓN RESPONSABLE.
No cadro de achegas económicas indica diversas aportacións, pero sen embargo indica que non solicitou ningunha subvención.
A declaración do IVE parece incorrecta.
Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.
Boletíns de mutualidade 136, 2948, 2949, 3198, 4939, 12780, 16012, 19386, 21045, 26577, 29568, 30249 e 41848.
Transferencias á mutualidade: 2042 € (11/07/2025), 300 € (14/07/2025), 1450 € (03/08/2025), 78 € (04/08/2025), 16 € (10/08/2025), 300 € (28/08/2025), 200 € (24/09/2025), 150 € (08/10/2025), 60 € (07/11/2025), 37 € (12/11/2025) e 132 € (22/12/2025)
Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.
A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.
Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).
Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.
Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	37/56

polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).
A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.
Os comprobantes de pago deben conter a conta de orixe e a destino.

Cuarto. Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 07/05/2026 10:51:57.

Quinto. Que con data 20/05/2026 13:56:47 e número de expediente 2026/PES_03/009010, e por tanto dentro do prazo de 10 días previsto no referido requirimento, a entidade UNION DEPORTIVA XOVE-LAGO presentou documentación relativa ao requirimento de emenda de conta xustificativa formulado.

Sexto. Da documentación presentada e da súa revisión, detéctanse o seguinte:
• O Anexo IV Relación clasificada de gastos presentada con data 20/05/2026 indica un custo total de 8884,54 €. Os gastos relacionados son os seguintes: arbitraxe (4287,54 €) e gastos federativos (4597,00 €).
• O Anexo III Declaración responsable indica as seguintes axudas e /ou subvencións:

CONCEPTO (marque cunha cruz)		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
	X	CONCELLO DE XOVE	40000
X		DIPUTACIÓN DE LUGO,PREMIOS COPA DIPUTACIÓN	615
X		RFGF PROGRAMA ALENTOT2425	100
X		DIPUTACIÓN DE LUGO,PREMIOS COPA DIPUTACIÓN DE FÚTBOL	400
	X	DIPUTACIÓN DE LUGO,SUBVENCIÓNS DE CONCORRENCIA COMPETITIVA	2112

IMPORTE TOTAL DE AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS	44127 €

• O Anexo II Memoria xustificativa indica no seu punto II, no cadro de financiamento

FINANCIAMENTO	IMPORTE
Fondos propios da entidade (5 % como mínimo)	4000 €
Achega da Excma. Deputación Provincial de Lugo (axuda)	615 €
Subvención de outras Administracións Públicas (CONCELLO DE XOVE+DIPUTACIÓN LUGO)	42112 €
Outras fontes de financiamento (AXUDA RFGF PROGRAMA ALENTO T2425+RFGF PARTICIPACIÓN	1400 €
SUMA (CUSTO TOTAL)	48127 €

• Logo de ver o orzamento presentado na solicitude de 47000 € no que se indicaban os seguintes gastos: mutualidade (4000 €), arbitraxe (4000 €), transporte (15000 €), gastos de persoal (14000 €), vestimenta (7000 €), publicidade (1500 €) e gastos médicos (1500 €).

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	38/56

Tendo en conta a documentación presentada e dado que os importes de custo total da actividade non son coincidentes coa relación de gastos formulada e que por tanto ha de considerarse non atendido o requirimento formulado.
Tendo en conta a o punto 5 das bases reguladoras no que se establece: As subvencións provinciais serán incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administracións ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, agás que a cantidade subvencionada mais os fondos propios non alcance o orzamento máximo da actividade, acción ou comportamento.
Tendo en conta a o punto 13 das bases reguladoras no que se establece:
(...)
No caso de que o importe da subvención concedida illada ou en concorrencia con outras subvencións outorgadas por outras Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade ou comportamento, procederase a redución da subvención concedida até que non se supere este custo.
No caso de que o importe dos gastos subvencionables xustificado polo beneficiario non alcance o importe da subvención concedida, reducirase a subvención en función do alcance da propia conta xustificativa.
Dado que a actuación deberá ser financiada polo beneficiario cando menos no 5%, si do custo da actividade subvencionable se deduce que os recursos propios non chegan a esa porcentaxe, reducirase a subvención ata que os recursos propios supoñan o 5% esixido.
(...)

Sétimo. Que en consecuencia e de acordo co previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, na que se prevé que a falta de presentación da xustificación poderá implicar a perda do dereito ao cobro da subvención previo tramite do correspondente expediente.

Oitavo. Que por acordo da Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2026 se acorda o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida examinar e coñecer a totalidade do expediente e presentar as alegacións que considere oportunas.

Noveno. Que con data 29/09/2026 09:42 e numero de rexistro de saída 2026RPS013343 e de acordo co previsto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, notificouse o referido acordo de Xunta de Goberno de 25 de setembro de 2026 de

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	39/56

apertura do trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción presentase as alegacións que considere oportunas, e do que consta recepción electrónica asinada por parte do beneficiario de data 30/09/2026 21:48:51.

Decimo. Que transcorrido o prazo previsto no referido requirimento non consta no servizo de Deportes a presentación de documentación e/ou alegacións polo beneficiario UNION DEPORTIVA XOVE-LAGO no referido prazo de tramite de audiencia.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a UNION DEPORTIVA XOVE-LAGO por importe de dous mil cento doce euros (2.112,00 €) para FUTBOL, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

2º.- Proposta de declaración da perda do dereito ao cobramento total de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025. (Agrupación Deportiva Veteranos De Paradela).

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

"Vista a documentación obrante no expediente.

Visto que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno de data 11 de setembro de 2026 se procedeu a tramitar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención concedida por esta Excma. Deputación Provincial, por acordo de Xunta de Goberno de

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	40/56

data 18 de xullo de 2025, a AGRUPACIÓN DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA e por importe de mil seiscentos sesenta e cinco euros (1.665,00 €) para FÚTBOL, acordo notificado á entidade beneficiaria e do que consta recepción de data 15/09/2026 16:33:51; concedéndolle un prazo de dez (10) días, para que no seu caso puidese alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considerase pertinentes.

Tendo en conta que con data 17/09/2026, en expediente 2026/PES_03/017595, don JORGE GALLEGO PÉREZ, na súa condición de representante da AGRUPACIÓN DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA, formula escrito de "Alegacións no trámite de audiencia - procedemento de perda do dereito ao cobro".

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes de código CSV: IV77WHHDDVWCV2WIYQPMC5BHN4 relativo a alegacións a trámite de audiencia e inicio de proposta de perda de dereito: Expediente conta xustificativa: 2026/PES_03/006260 de Agrupación DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA con NIF G27439512, no que se reflicten os antecedentes e circunstancias do expediente obxecto de trámite.

Tendo en conta o referido informe do servizo de Deportes de código CSV: IV77WHHDDVWCV2WIYQPMC5BHN4, no que se reflicte que:
Sexto. Ha de terse en conta o previsto no punto 3 das bases da convocatoria, que recolle aqueles requisitos que deberán reunir as entidades beneficiarias, e nomeadamente o punto 3.a Obrigas dos beneficiarios, e que reflicte expresamente que:
(...)
j) Os clubs e entidades beneficiarias da subvención incluirán a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado, de acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, e sen prexuízo de realizaren tamén os referidos soportes noutras linguas. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.
Sétimo. Revisada a documentación de emenda presentada pola entidade AGRUPACION DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA, detéctase que entre os documentos achegados relativos ao requirimento formulado, constarían dous pantallazos/imaxes formulados pola entidade beneficiaria e vinculados á necesaria acreditación da declaración formulada (Anexo III) da inclusión da imaxe corporativa da Área de Deportes naqueles soportes que a entidade utilizase para publicitar a actividade subvencionada.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	41/56

Visto así mesmo, que o referido informe recolle as citadas imaxes/pantallazos e que respecto de tal contido o informe de alegacións indica que:
«Analizadas por tanto as dúas imaxes presentadas como documentación anexada como elemento de verificación de cumprimento do referido requisito, constátase que no canto de acreditar o compromiso e requisito a cumprir pola entidade beneficiaria de inserción na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada e da inclusión da imaxe corporativa da Área de Deportes naqueles soportes que a entidade utilizase para publicitar a actividade subvencionada, evidenciaríase unha manifesta tentativa de simular a realización da acción obxecto do compromiso declarado, do que constaba declaración responsable afirmativa e da que se formulou o respectivo requirimento por parte do órgano xestor. Actuación da entidade beneficiaria que necesariamente ha de terse en conta na valoración que deberá realizar a administración, neste caso, o órgano xestor, -servizo de Deportes- respecto do cumprimento das obrigas impostas aos beneficiarios, asi como os compromisos asumidos por estes, por afectaren á consecución dos obxectivos e á realización da actividade. E visto así mesmo, que tal actitude entraría en contradición manifesta coa declaración responsable ANEXO III formulada polo beneficiario, e que a xuízo de quen asina e analizadas as circunstancias debilitaría ostensiblemente unha posible aplicación do principio de proporcionalidade, por entender que o mencionado acto desacreditaría manifestamente unha necesaria actuación tendente á xustificación dos compromisos adquiridos.»

Visto o recollido no referido informe de código CSV: IV77WHHDDVWCV2WIYQPMC5BHN4, que respecto das alegacións formuladas recolle expresamente:
Undécimo. Análise das alegacións
A difusión pública é unha obriga dos beneficiarios recollida no artigo 18.3 e 18.4 da Lei 38/2023, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e no artigo 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 Xeneral de Subvencións.
A Lei Xeral de Subvencións sinala no artigo 18, o seguinte:
"(...)
4. Los beneficiarios deberán dar la adecuada publicidad del carácter público de la financiación de programas, actividades, inversiones o actuaciones de cualquier tipo que sean objeto de subvención, en los términos reglamentariamente establecidos.
Así mesmo, o regulamento de desenvolvemento da Lei, no seu artigo 31 engade o seguinte:
Artigo 31. Publicidade da subvención por parte do beneficiario.
1. As bases reguladoras das subvencións deberán establecer as medidas de difusión que debe adoptar o beneficiario dunha subvención para darlle a adecuada publicidade ao carácter público do financiamento do pro grama, actividade, investimento ou actuación de calquera tipo que sexa obxecto de subvención.
2. As medidas de difusión deberán adecuarse ao obxecto subvencionado, tanto na súa forma coma na súa duración, e poderán consistir na inclusión da imaxe institucional da entidade concedente, así como en lendas relativas ao financiamento público en

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	42/56

carteis, placas conmemorativas, materiais impresos, medios electrónicos ou audiovisuais, ou ben en mencións realizadas en medios de comunicación. Cando o programa, actividade, investimento ou actuación gozase doutras fontes de financiamento e o beneficiario estivese obrigado a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión da subvención con cedida así como a súa relevancia deberán ser análogos aos empregados respecto das outras fontes de financiamento.
3. Se se incumprise esta obriga, e sen prexuízo das responsabilidades que, por aplicación do réxime previsto no título IV da lei, puidesen corresponder, aplicaranse as seguintes regras:
a) Se resultase aínda posible o seu cumprimento nos termos establecidos, o órgano concedente deberá requirir o beneficiario para que adopte as medidas de difusión establecidas nun prazo non superior a 15 días, con expresa advertencia das consecuencias que do dito incumprimento puidesen derivar por aplicación do artigo 37 da lei. Non poderá adoptarse ningunha decisión de revogación ou reintegro sen que o órgano concedente dese cumprimento do dito trámite.
b) Se, por terse desenvolvido xa as actividades afectadas por estas medidas, non resultase posible o seu cumprimento nos termos establecidos, o órgano concedente poderá establecer medidas alternativas, sempre que estas permitisen dar a difusión do financiamento público recibido co mesmo alcance das inicialmente acordadas. No requirimento que o órgano concedente lle dirixa ao beneficiario deberá fixarse un prazo non superior a 15 días para a súa adopción con expresa advertencia das consecuencias que do incumprimento puidesen derivar por aplicación do artigo 37 da lei.

Así mesmo, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece no seu artigo 15.3:
Artigo 15.-Publicidade das subvencións concedidas.
(...)
3. Os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento de programas, actividades, investimentos ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, nos termos regulamentariamente establecidos. Respecto das alegacións formuladas, ha de terse en conta que a entidade beneficiaria non discute que a base 3.a.j) da convocatoria obrigaba os clubs beneficiarios a incluír a imaxe corporativa da Área de Deportes da Deputación Provincial e a empregar o idioma galego nos soportes utilizados para publicitar a actividade subvencionada. Obriga recollida no artigo 14. Obligaciones de los beneficiarios da Lei Xeral de Subvencións en conexión, tal como se indicaba, co previsto no seu artigo 18. obriga así mesmo recollida, no artigo 15.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia establecendo a obriga do beneficiario de lle dar publicidade ao carácter público do financiamento.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	43/56

Argumenta a entidade, en todo caso, que por tratarse dunha obriga de difusión, o artigo 31.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establecería un réxime específico para o seu incumprimento, no sentido de que se aínda fose posible o cumprimento nos termos inicialmente establecidos, o órgano concedente debería requirir ao beneficiario para que adoptase as medidas de difusión nun prazo non superior a quince días. Ou que no seu caso, cando a actividade xa se tivese desenvolto e non resultase posible cumprir a publicidade nos termos orixinais, atender o previsto no artigo 31.3.b) no relativo a que o órgano concedente puidese establecer medidas alternativas, sempre que estas permitisen darlle ao financiamento público un alcance equivalente ao inicialmente previsto.

Á hora de avaliar as referidas alegacións, ha de terse en conta que a entidade beneficiaria non manifestou, nin manifesta en ningún momento das distintas fases do procedemento, -e tampouco agora no respectivo trámite de audiencia-, comunicación expresa de que non cumprise con tal requisito de incluír a imaxe corporativa da Área de Deportes da Deputación Provincial nos soportes utilizados para publicitar a actividade subvencionada, polo que en consecuencia, é obvio que non cabería que o órgano xestor establecese e requirise á entidade beneficiaria ningunha das alternativas indicadas para o suposto recollido no citado artigo 31.3 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Respecto desta circunstancia, consta no expediente de solicitude da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, anualidade 2025, de numero de expediente 2025/CCP_01/000178, o respectivo Anexo II (punto 12) no que a entidade se compromete a incluír a imaxe corporativa da Área de Deportes da Excma. Deputación Provincial e a empregar o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilice para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Anéxase captura do documento da cuestión indicada.

***(Para visualizar a imaxe, accédase e consúltese Informe de código CSV IV77WHHDDVWCV2WIYQPMC5BHN4)

E así mesmo, consta no expediente de conta xustificativa de número 2026/PES_03/006260, o respectivo ANEXO III-ACTIVIDADE COMPETITIVA DECLARACIÓN RESPONSABLE (CONTA XUSTIFICATIVA), que no seus puntos VI e VII, de data 11/06/2026 e número de rexistro 2026RT013106, recollen respectiva e expresamente que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada e que o beneficiario incluíu a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregou o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilizou para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Anéxase captura de documento.

***(Para visualizar a imaxe, accédase e consúltese Informe de código CSV IV77WHHDDVWCV2WIYQPMC5BHN4)

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	44/56

Declaración de cumprimento de requisitos que a entidade beneficiaria mantivo e non modificou durante todo o procedemento, incluído o trámite de requirimento de emenda de conta xustificativa. En consecuencia, non sería procedente por parte do órgano xestor o inicio e trámite de requirimento de realización de actuación de medidas alternativas invocadas pola entidade beneficiaria no escrito de alegacións, por constar no expediente declaración afirmativa da entidade deportiva do cumprimento do requisito, independentemente do requirimento de emenda de conta xustificativa formulado respecto da acreditación documental do cumprimento do compromiso declarado de que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada e da presenza da imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial nas comunicacións ou publicacións e en todos aqueles soportes que a entidade utilizase para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.

Respecto da cuestión avaliada, cómpre ter en conta as conclusións do Plan Anual Control Financeiro 2021. Anualidade 2020. Control subvencións Informe definitivo individualizado para a Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, no que respecto de distintos expedientes de subvencións, recolle como recomendacións para órgano xestor a realización de accións tendentes a que as entidades beneficiarias xustifiquen mediante documentación gráfica, entre outros extremos, que a entidade dese adecuada publicidade e por tanto difusión ao financiamento por parte da área de Deportes da Deputación de Lugo da actividade subvencionada. E que por tanto, insta ao órgano xestor a solicitar das entidades beneficiarias a achega de documentación gráfica coa que se poida acreditar, de acordo ao previsto nas bases da convocatoria, que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada e a inclusión da súa imaxe corporativa nas comunicacións, publicacións e soportes que a entidade puidese utilizar para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. E cómpre facer fincapé en que as bases cifran expresamente o compromiso de publicacións ou "soportes que a entidade utilizou", sen que se determine unha relación ou enumeración expresa e exhaustiva de soportes, que no seu caso, puidesen implicar a asunción por parte da entidade deportiva duns compromisos de difusión superiores aos medios dos que puidese dispoñer.

A obriga relativa ás medidas de difusión constitúe por tanto unha obriga dos beneficiarios, cuxo incumprimento en todo caso, estaría tipificado como causa autónoma de reintegro no art. 37.1.d) LGS. Artigo no que así mesmo, recolle como causas de reintegro o incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	45/56

insuficiente, nos termos establecidos no artigo 30 desta lei, e o seu caso, nas normas reguladoras da propia subvención.

A propia Ordenanza de subvencións da Deputación de Lugo, nesa perspectiva, insire a previsión recollida no artigo Artigo 31. Modalidades de xustificación, que expresamente dentro deste apartado recolle que:
(…)
En todo caso, deberá acreditarse polo beneficiario a publicidade que se deu á subvención concedida nos termos que se indique na convocatoria, acto de concesión ou convenio.
Previsión que de acordo ao establecido na referida ordenanza se trasladou ás bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, anualidade 2025, aprobadas pola Xunta de Goberno celebrada o día 28 de febreiro de 2025, e cuxo extracto do acordo polo que se aproba a convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 055, do sábado 08 de marzo de 2025, e que recollen no apartado 3.a, as obrigas dos beneficiarios, establecendo entre elas a obriga das entidades reflectida na letra j)
(...)
Os clubs e entidades beneficiarias da subvención incluirán a imaxe corporativa da área de deportes da Excma. Deputación Provincial e empregarán o idioma galego en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado, de acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega na Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, e sen prexuízo de realizaren tamén os referidos soportes noutras linguas. A imaxe será cedida pola Institución Provincial.

E que así mesmo, o acordo de aprobación das bases incorpora a aprobación dos modelos dos respectivos anexos de solicitude e conta xustificativa nos que se recolle expresamente a declaración da entidade de realización de tal obriga. Repárese que tal obriga vén inserta nas referidas bases no mesmo apartado no que se determinan o resto de obrigas dos beneficiarios, incluídas aquelas referidas expresamente, -entre outras-, ao cumprimento do obxectivo e a realización da actividade, ou o financiamento por parte da entidade deportiva de cando menos o 5% do custo da actividade.
Obriga que a Deputación de Lugo recolle así mesmo nas distintas convocatorias ou convenios que desenvolve anualmente. Véxase por exemplo, a cláusula Sexta.- Publicidade da actuación subvencionada por parte do/a beneficiario/a do modelo de convenio aprobado por Resolución de Presidencia de 31/01/2025:
O/a beneficiario/a deberá facer constar expresamente que a actuación realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, en todas aquelas actuacións e en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio, de acordo co establecido no artigo 18.3 e 4 da LXS e no artigo 31 do RLXS.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	46/56

E así mesmo, no modelo de Anexo III. DECLARACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA), punto IV, no que a entidade beneficiaria declara que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.
Enfoque e perspectiva que se mantén con contido e determinacións recollidas nas BASES DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025, aprobadas por acordo de Pleno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 27/12/2024, que na súa base 13.2. Compromisos das partes, recolle expresamente como obrigas da administración local:
(...)
. Manter os "logotipos" institucionais da Deputación Provincial de Lugo, tanto na sede electrónica como no xestor documental de expedientes así como calquera outra aplicación informática cuxo mantemento estea financiado no abeiro do presente programa.
. Cumprir os requisitos de publicidade establecidos nestas bases.
Bases que por outra parte, de acordo á base 17. XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL e concretamente na 17.1 DOCUMENTACIÓN XERAL E DETERMINACIÓNS COMÚNS A TODOS OS PROGRAMAS, como documentación xeral que conterá a conta xustificativa:
Documentación xustificativa da inclusión da imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo na publicidade do investimento, actuación, evento ou servizo, que se faga na paxina web, redes sociais ou noutros soportes, en calquera soporte nas que se publicite dita actuación, evento, servizo ou investimento.
Ha de terse en conta así mesmo, que o requirimento formulado de emenda de conta xustificativa e de acordo ao previsto nas bases da convocatoria, advertía á entidade beneficiaria que a non presentación da documentación xustificativa requirida no prazo sinalado, levaría consigo a perda do dereito ao cobro da subvención, de conformidade co establecido na normativa da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, que establece que se producirá a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención en no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da referida Lei.

Improcedencia de aplicación de medidas alternativas
Ha de partirse como aserto previo, que tal como se indicou, a entidade beneficiaria mantén en todo momento nas súas declaracións responsables que tería cumprido co compromiso de que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada e a inclusión da súa imaxe corporativa nas comunicacións, publicacións e soportes que a entidade puidese utilizar para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	47/56

En todo caso, para os efectos de incidir na análise realizada polo servizo de Deportes das circunstancias do expediente, e evidenciada á vista das declaracións responsables da entidade beneficiaria, a improcedencia de concluír por parte do órgano xestor o incumprimento por parte da entidade beneficiaria do compromiso exposto de inclusión da imaxe corporativa da Deputación de Lugo en todos aqueles soportes que a entidade utilice para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado, -e por tanto, tal como se indicou anteriormente, a procedencia de requirimento de emenda de conta xustificativa que permitise acreditar documentalmente tal compromiso-, a valoración dunha posible previsión de medidas alternativas aducida nas alegacións presentadas, debería atender todas as circunstancias presentes na tramitación do expediente e na documentación e declaracións formuladas pola entidade beneficiaria. Nesa hipótese e formulada a presente análise exclusivamente ad abundantiam da actuación valorativa do órgano xestor das alegacións presentadas, cómpre indicar que cabería desbotar a posibilidade recollida no artigo 31.3 a) do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, dado que o período de execución da actividade previsto nas bases abrangue do 1 de xaneiro de 2025 ao 31 de decembro de 2025, e por tanto, a acción supletoria sería de imposible execución por ter rematado o marco temporal susceptible de aplicación.

E así mesmo, cumpriría desbotar a posible aplicación do suposto recollido no artigo 31.3.b) do referido regulamento, de que a actividade xa se tivese desenvolto e por tanto non resultase posible cumprir a publicidade nos termos orixinais, e en consecuencia que nesa hipótese, puidese prever o órgano concedente establecer medidas alternativas sempre que permitisen darlle ao financiamento público un alcance equivalente ao inicialmente previsto. Para os efectos de valoración de tal circunstancia, cumpría que o servizo de Deportes valorase as posibilidades dunha tal alternativa, que atendendo á actividade obxecto de axuda, aos soportes susceptibles de considerarse alternativos, ao propio importe do orzamento de gasto formulado pola entidade na respectiva solicitude e o posible grao de cumprimento que desa medida se derivase, permitisen darlle á axuda pública, -tal como esixiría a norma-, un alcance equivalente ao inicialmente previsto. Valorada esa hipótese, cumpriría desbotala, tendo en conta que o amplo período de execución da actividade ao que se vería vinculada esa posible alternativa, e na consideración de que tal posible abano de soportes alternativos suporía de facto para entidade beneficiaria, a disposición dun elevado importe de orzamento, que incluso puidese representar unha cifra superior á subvención concedida, dado que en boa medida o gasto nos soportes achegados polas entidades deportivas nas respectivas contas xustificativas respecto do compromiso obxecto de informe, se desenvolve directamente vinculado á propia actividade competitiva ordinaria e anual do club ou entidade deportiva, e por tanto, atribuído, disposto e amortizado de xeito progresivo durante o referido período de execución (de 1 de xaneiro de 2025 a 31 de decembro de 2025). E que así mesmo, non implicase unha actuación de petición de medidas alternativas que puidese interpretarse como inxusta e abusiva respecto da acreditación do referido compromiso, á vista dos distintos e múltiples soportes cos que as entidades deportivas adoitan acreditar tal medida de difusión, e que a posible selección de un número indiscriminado de

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	48/56

soportes puidese significar establecer un réxime de cumprimento subxectivo e discrecional, tendo en conta que as bases da convocatoria non os determinan, precisamente, -e a xuízo do servizo de Deportes en perspectiva atinada, pola variedade de soportes antes indicada e pola diversa casuística da súa utilización. En consecuencia, mesmo no suposto de análise exposto, e polas razóns descritas, en tal hipótese tampouco procedería o establecemento de medidas alternativas, á vista de que non permitirían darlle ao financiamento público un alcance equivalente ao inicialmente previsto.

Principio de proporcionalidade e actuación e actitude da entidade deportiva beneficiaria
Formula a entidade beneficiaria alegación referida á aplicación do principio de proporcionalidade facendo mención ao artigo 37.2 da Lei de subvencións e a súa translación á normativa galega recollida no artigo 33.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.
Para os efectos de avaliación da alegación ha de terse en conta por tanto, o contido do apartado 2 do artigo mencionado artigo 37 cando establece que:
Cuando el cumplimiento por el beneficiario o, en su caso, entidad colaboradora se aproxime de modo significativo al cumplimiento total y se acredite por éstos una actuación inequívocamente tendente a la satisfacción de sus compromisos, la cantidad a reintegrar vendrá determinada por la aplicación de los criterios enunciados en el párrafo n) del apartado 3 del artículo 17 de esta ley o, en su caso, las establecidas en la normativa autonómica reguladora de la subvención.
Artigo 33.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia
2. Cando o cumprimento polo beneficiario ou, se é o caso, pola entidade colaboradora se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e acrediten estes unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, a cantidade que se vai reintegrar virá determinada pola aplicación dos criterios enunciados na letra l) do apartado 1 do artigo 14 desta lei.
Pero así mesmo, ter en conta o resto das previsións recollidas no propio artigo 37 sobre as distintas causas que puidesen motivar o reintegro, para no seu caso, avaliar a aplicación ou non do citado principio de proporcionalidade e o razoamento de porque o defecto concreto merece a consecuencia adoptada.
Cómpre así mesmo ter en conta o amplo período de execución da actividade (de 1 de xaneiro de 2025 a 31 de decembro de 2025) que permitiría desenvolver unha, -cando menos mínima-, actuación tendente “a la satisfacción de sus compromisos”(como recolle o artigo 37.2 da LGS), tendo en conta ademais que no momento de formalizar a solicitude, -punto temporal no que asumen mediante declaración responsable o referido compromiso de incluír a imaxe corporativa da Área de Deportes da Excma. Deputación Provincial en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilice para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado-, a entidade deportiva xa está desenvolvendo a

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	49/56

actividade deportiva federada para a que solicita a axuda e por tanto, susceptible de uso dos distintos soportes que de xeito ordinario achegan as entidades deportivas nas respectivas contas xustificativas do procedemento de concorrencia competitiva (pantallazos e enlaces páxinas web, redes sociais, cartelaría, indumentaria, etc). Cuestión que ha de valorarse por este órgano xestor para atender debidamente o deber da administración de aplicar unha valoración ecuánime da acreditación dese compromiso, -de acordo á declaración responsable formulada-, respecto das actuacións desenvoltas polo resto das entidades deportivas e da respectiva acreditación documental que achegan en función dos soportes que no seu caso utilicen.
As imaxes anexadas consistirían:
- Nunha imaxe dunha prenda de roupa, que se pode describir de acordo á apreciación da imaxe como un chaleco reflectante, no que se pode visualizar un fragmento de papel recortado e colocado sobre a propia prenda para a realización da fotografía, coincidente co logo da Área de Deportes da Deputación de Lugo,
***(Para visualizar a imaxe, accédase e consúltese Informe de código CSV IV77WHHDDVWCV2WIYQPMC5BHN4)

E nunha captura de pantalla, que á vista da imaxe anexadas, se corresponde coa paxina de Facebook "Paradela Veteranos" e na que se identificaría o inicio de incorporación dunha publicación coa imaxe de logo da Área de Deportes da Deputación de Lugo, da que non se pode constatar a data de inicio (repárese que a referencia temporal que aparece na imaxe reflicte "hace un momento")
***(Para visualizar a imaxe, accédase e consúltese Informe de código CSV IV77WHHDDVWCV2WIYQPMC5BHN4)

Para os efectos de valoración, realizouse consulta da referida páxina de Facebook que permitise confirmar a publicación que se aducía en fase de inicio, sen que puidese chegarse a esa conclusión, dado que o visionado das publicacións realizadas e accesibles e correspondentes ao período de execución da actividade, non permitía inferir a súa publicación definitiva.
En todo caso, tales imaxes evidenciarían, tal como se indicaba na comunicación de inicio de trámite de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia, unha clara tentativa de simular a realización da acción obxecto de obriga e da que se formulou no momento oportuno o respectivo requirimento. E así mesmo tal actitude entraría en contradición manifesta coa declaración responsable ANEXO III formulada polo beneficiario, e que debilitaría a posible aplicación do principio de proporcionalidade, por entender que o mencionado acto desacreditaría unha actuación tendente á xustificación dos compromisos adquiridos.
A sentenza do Tribunal Supremo de 16 de marzo de 2012 (recurso 1680/2010) recolle que:
«quien pretende obtener en su provecho caudales públicos por la vía de la subvención debe guardar una conducta respetuosa con las obligaciones, materiales y formales, a cuyo cumplimiento se subordina la entrega de aquéllos.

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	50/56

E que por tanto, o incumprimento das obrigas de forma, tamén pode determinar, en aplicación dos preceptos legais, ou ben o decaemento do dereito para obter o beneficio ou ben o deber de reintegrar o seu importe.
Cuestión aplicable no caso que nos ocupa, por entender que a valoración do incumprimento tamén se debe basear na debida apreciación do nivel de imputabilidade da acción realizada pola entidade deportiva á hora de achegar no trámite de requirimento de emenda dous documentos (imaxes) que lonxe de acreditar documental e graficamente o cumprimento declarado de ter incluída a imaxe corporativa da Área de Deportes da Excma. Deputación Provincial en todos aqueles soportes que a entidade utilizase para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado, afianzaban a estimación e cualificación da acción realizada e dos documentos presentados, como incumprimento do requirimento formulado e permitían inferir unha actuación que precisamente se constataba como "inequívocamente tendente" a NON satisfacción dos seus compromisos.
Ha de entenderse que a non acreditación do compromiso declarado e a actuación expresa realizada pola entidade beneficiaria, -sen que ademais no respectivo trámite de emenda nin no escrito de alegacións se argumente minimamente que mediase ningunha circunstancia que impedise ou limitase tal obriga,- non permite inaplicar a consecuencia que a norma vincula a tal incumprimento, nin invocar o principio de proporcionalidade para a consecuencia que a norma ata e liga ao incumprimento. A aplicación do principio de proporcionalidade require dunha análise da natureza do incumprimento e de todas as circunstancias concorrentes, en particular da conduta da entidade beneficiaria e do seu grao de imputabilidade ou culpabilidade do concreto incumprimento. E esixe ponderar as causas de incumprimento das condicións impostas e valorar a actuación do beneficiario, tendente ou non, a satisfacer de forma significativa os intereses públicos perseguidos. Á vista dos antecedentes e circunstancias expostas, a xuízo de quen asina quedaría constatado que non se acredita por parte da entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, e en consecuencia considérase que procede deducir as consecuencias rigorosas de perda da dereito ao cobramento da subvención.
Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e asi mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei xeral de Subvencións, e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.
Visto o previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	51/56

Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado, e que consta efectuado tal trámite.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e analizadas as alegacións formuladas, procede:

Primeiro. Desestimar as alegacións formuladas con data 17/09/2026 08:47 e número de rexistro de entrada 2026RPE014572, en expediente 2026/PES_03/006260, por don JORGE GALLEGO PÉREZ, na súa condición de representante da AGRUPACIÓN DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA, de escrito de "Alegacións no trámite de audiencia - procedemento de perda do dereito ao cobro", e relativas á notificación do acordo de Xunta de Goberno de 11 de setembro de 2026, de inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención do procedemento de concorrencia competitiva de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, concedida a AGRUPACIÓN DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA (Xunta de Goberno de 18/07/2025) por importe de mil seiscentos sesenta e cinco euros (1.665,00 €), de acordo aos argumentos e razóns expostas no presente informe.

Segundo. Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos e o tramite de audiencia ao interesado, procede tramitar a declaración de perda do dereito ao cobro total da subvención concedida a AGRUPACIÓN DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA por importe de mil seiscentos sesenta e cinco euros (1.665,00 €) para FÚTBOL, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas con data 17/09/2026 08:47 e número de rexistro de entrada 2026RPE014572, en expediente 2026/PES_03/006260, por don JORGE GALLEGO PÉREZ, na súa condición de representante da AGRUPACIÓN DEPORTIVA VETERANOS DE PARADELA, de escrito de "Alegacións no trámite de audiencia - procedemento de perda do dereito ao cobro", e relativas á notificación do acordo de Xunta de Goberno de 11 de setembro de 2026, de inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención do procedemento de concorrencia competitiva de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, concedida a AGRUPACIÓN DEPORTIVA

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	52/56

VETERANOS DE PARADELA (Xunta de Goberno de 18/07/2025) por importe de mil seiscentos sesenta e cinco euros (1.665,00 €), de acordo aos argumentos e razóns expostas no informe de código CSV IV77WHHDDVWCV2WIYQPMC5BHN4.

2º.- Declarar a perda do dereito ao cobramento total da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE TOTAL DUNHA ADMINISTRATIVA ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

"Visto que por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS de data 13 de outubro de 2026, foille recoñecida a dona Ana María Losada Real a prestación de Incapacidade Permanente no Grao de Total para a súa profesión habitual, con efectos económicos do día 9 de outubro de 2026.

Que dona Ana María Losada Real, Administrativa Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose de baixa por Incapacidade Temporal.

Tendo en conta as consideración de dereito que se recolle no informe do Servizo de RR.HH e Asistencia a Concellos, do seguinte teor:

"O artigo 194 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social (TRLXSS), establece os distintos graos de incapacidade permanente. Mentres non se desenvolva regulamentariamente a súa nova redacción, a disposición transitoria vixésimo sexta do mesmo texto legal mantén a definición segundo a cal a incapacidade permanente total para a profesión habitual é aquela "que inhabilite ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta".

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	53/56

A Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS establece literalmente que: "(...)

"Que a prestación de Incapacidade Permanente ten data de efectos económicos 9-10-2026"

Se informa, a efectos de reserva do posto de traballo, que se procederá a instar o procedemento de revisión por previsible melloría que permita a reincorporación ao posto de traballo antes de dous anos, de acordo co disposto no artigo 48.2 Estatuto do Traballadores".

O artigo 48.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na redacción dada pola Lei 2/2025, do 29 de abril, é de aplicación ao persoal laboral, polo que non determina para a funcionaria unha situación de reserva de posto. A súa relación funcionarial extínguese pola xubilación, sen prexuízo de que, se no seu día o INSS ditase resolución declarándoa apta para o traballo por ter experimentado melloría, poida solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionaria conforme ao artigo 68.1 do TREBEP:

"1. En caso de extinción da relación de servizos como consecuencia de perda da nacionalidade ou xubilación por incapacidade permanente para o servizo, o interesado, unha vez desaparecida a causa obxectiva que a motivou, poderá solicitar a rehabilitación da súa condición de funcionario, que lle será concedida. (...)"
O artigo 69 da LEPG engade que a rehabilitación se concederá logo da acreditación documental da desaparición da devandita causa

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

" Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala".

En idénticos termos pronúnciase o artigo 67 da LEPG, e o artigo 139 b) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar "de oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións".

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	54/56

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte ACORDO:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Total, de dona Ana María Losada Real, con efectos económicos do día 9 de outubro de 2026, data á que se retrotraen os efectos económicos da prestación de Incapacidade Permanente recoñecida á funcionaria e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcionarial con esta Entidade".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO: ORDINARIO 230/2026.

Logo de ver a proposta do Director da Asesoría Xurídica, do seguinte teor:

"Visto o Oficio remitido polo Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo, polo que, entre outras cuestións, se solicita a esta entidade, o expediente administrativo en relación co PROCEDEMENTO ORDINARIO 00000230/2026 seguido a instancia de S**** L**** G**** contra a seguinte resolución administrativa: "Acuerdo de la Presidencia de la Diputación Provincial de Lugo de 7 de agosto de 2026, por el que se desestima el recurso de alzada interpuesto por mi mandante frente al Acuerdo de 19 de mayo de 2026 del tribunal de selección para el ingreso como personal funcionario de carrera en la Diputación Provincial de Lugo de 8 plazas de psicólogo, subgrupo A1, por el sistema de concurso oposición, acceso libre, OPE 2023, en el que se desestima su reclamación frente al tercer ejercicio de la fase de oposición, así como el acto de realización del referido ejercicio".

Visto o anterior, á Xunta de Goberno proponse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta entidade no devandito procedemento a través dos letrados da Asesoría Xurídica Provincial.

2º.- A remisión do expediente administrativo ao Tribunal de Instancia Sección do Contencioso Administrativo Praza nº2 de Lugo pola unidade administrativa encargada da súa elaboración nos termos requiridos polo Tribunal.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento".

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	55/56

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e vinte minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

	IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Fecha y Hora**	26/10/2026 11:07:14
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV77SSA2H3V4X7W4AR4TGHQ6IE	**Página**	56/56